

ANEXO VI

PLAN DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

**PLAN DE FOMENTO DO USO DA
LINGUA GALEGA**

OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Obxectivos

- Optimizar o uso da lingua galega no centro.
- Procurar darlle máis prestixio, xeralizando o seu uso.
- Acadar unha maior implicación de toda a comunidade educativa neste proceso.
- Contribuir á dinamización lingüística do noso contorno, colaborando naquelas iniciativas das entidades culturais ou municipais que fomenten o galego.

Liñas de actuación

A) Centradas no uso do galego (a nivel oral e escrito)

- **Aspectos visuais, documentais e de ambientación do centro**
 - Empregar sempre o galego en todos os documentos oficiais do centro, na documentación administrativa e pedagóxica , selos, convocatorias, avisos, notas informativas, correspondencia, boletíns de cualificacións, informes, etc.
 - Usar o galego nas relación coas familias, o concello, asociacións, etc.
 - Ter en galego todos os rótulos e sinalizacións das distintas dependencias do centro, carteis, letreiros, etc.
 - Ter en galego a páxina Web do centro e promover, a través de diverso enlaces, a consulta doutras páxinas e recursos educativos en galego.
- **Comunicación e usos lingüísticos cotiáns orais**
 - Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas co alumnado, as familias, o persoal non docente e cos membros da comunidade educativa en xeral.
 - Usar tamén o galego nos actos organizados polo centro (reunións, festivais, conferencias ...)
 - Empregar o galego na megafonía, nas actividades complementarias e extraescolares.
- **Fomento xeral do uso do galego**
 - Achegar o galego ás novas tecnoloxías, promovendo o seu uso neste ámbito, utilizando ferramentas informáticas en galego, creación de blogs, aplicacións para móbiles, tablets, etc.

- Recompilar material informático en galego, co fin de que o profesorado poida dispoñer de enlaces e recursos na nosa lingua.
- Revisar e actualizar os fondos bibliográficos e a mediateca do centro, repoñendo o material deteriorado e adquirindo novidades.
- Difundir entre o alumnado as novidades musicais e culturais en xeral que van saíndo en galego (discos, videoxogos, películas, etc)
- Fomentar o galego en situacións diversas: xogos, competicións deportivas, actividades teatrais, musicais, etc.
- Seguir editando a revista *Na Escola*, coa colaboración de todo o alumnado.

B) Referidas á creación de actitudes positivas

- Participar nas campañas que desde distintas institucións busquen o prestixio da nosa lingua e a xeralización do seu uso en todos os contextos.
- Organizar campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos.
- Diseñar carteis e slogans que normalicen o uso do galego en todos os ámbitos.
- Animar ao alumnado a achegarse ao inxente patrimonio que nos proporciona o idioma (literatura, tradición oral, música, cinema, teatro...)